



rf.: C58-14

ANUNCIO

Asto.: SUSPENSIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DO SUBMINISTRO DE BÁCULOS E LUMINARIAS PARA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXETICA NA AVDA. DE LOUREIRO

Por acordo da Xunta de goberno local adoptado na sesión ordinaria celebrada o pasado 21.11.2014, acordouse, entre outros, o seguinte:

1º.- Suspender temporalmente a execución do contrato administrativo de SUBMINISTRO DE BÁCULOS E LUMINARIAS PARA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXETICA NA AVDA. DE LOUREIRO formalizado con SETGA, S.L.U. co C.I.F.: B-36699064 por concorrer o suposto excepcional que xustifica a imposibilidade temporal de execución do contrato nos termos definidos no informe técnico de 20.11.14 coas seguintes características:

- a) A suspensión é temporal cunha previsión de duración ata o vindeiro 22.12.2014 nos termos informados polo arquitecto técnico municipal
- b) O levantamento será acordada polo órgano de contratación previo informe xustificativo do arquitecto técnico municipal, como director das obras menores de “Reparación da beirarrúas en avda. Loureiro” que orixinan a mesma levantando a correspondente acta coa asistencia das partes asinantes deste documento
- c) A suspensión é total respecto ao obxecto do subministro
- d) Que a suspensión non xenerará indemnización algunha por posibles danos e perxuízos ocasionados, manténdose as condicións e as obrigas contractuais inalterables nos termos que resultan do contrato perfeccionado

2º.- Facultar ao sr. Alcalde para a formalización da suspensión por mutuo acordo mediante o levantamento da correspondente acta.

A suspensión que da xustificada no seguinte xeito *“Para proceder o subministro e montaxe dos báculos e luminarias e preciso previamente executar as zapatas que serven de base as mesmas. Tendo en conta que as zapatas serán executadas coa obra “Reparación de Beirarrúas na Avda. de Loureiro” pendente de iniciarse en breve, pódese concluir que e imposible proceder o subministro. Cumpre sinalar que co subministro se inclúe a colaboración do camión do transporte coa montaxe dos báculos nos pernos correspondentes. Os pernos non se poden instalar ata a execución das zapatas polo que o subministro non se poderá executar ata o remate da obra de “Reparación de beirarrúas”.*

O que se publica en cumprimento dos pregos reguladores da contratación.

Bueu, 24 de novembro de 2014

O alcalde



CONCELLO DE BUEU
RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Félix Juncal Novas